

**V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO SOCIAL)***EDICTO (RSU 2056/2016-FF).*

Tipo e número de recurso: RSU recurso de suplicación 2056/2016

Xulgado de orixe/autos: seguridade social 302/2014 Xulgado do Social número 1 de Lugo

Recorrente: Raúl Paz Fernández

Avogada: Rosa Nieves Santamarina Cerdeira

Procurador: José Antonio Castro Bugallo

Recorridos: Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Asepeyo, Mutua de A.T. y E.P. de la Seguridad Social número 151, Mutua Universal Mugenat, Antonio Paz Fernández (Agro Páramo), Julia Fernández Fernández (Exclusivas Fernández)

Avogados: Servicio Jurídico Seguridad Social, Servicio Jurídico Seguridad Social, María del Pilar García-Puertas Taboada, (...), (...), (...)

Graduados sociais: (...), (...), (...), Eva López López, (...), (...)

Eu, María Isabel Freire Corzo, letrada da Administración de xustiza da Sala Segunda do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, fago saber que no procedemento de recurso de suplicación 2056/2016 desta sección, seguido por instancia de Raúl Paz Fernández contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Asepeyo, Mutua de A.T. y E.P. de la Seguridad Social número 151, Mutua Universal Mugenat, Antonio Paz Fernández (Agro Páramo), Julia Fernández Fernández (Exclusivas Fernández), sobre accidente, se ditou a seguinte resolución:

«Que desestimando o recurso de suplicación interposto pola letrada Rosa Nieves Santamarina Cerdeira, actuando en nome e representación de Raúl Paz Fernández contra a sentenza de data vinte e tres de novembro de dous mil quince, ditada en autos 302/2014, seguidos por instancia da parte recorrente contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Mutua Asepeyo, Mutua Universal Mugenat e as empresas Antonio Paz Fernández (Agro Páramo) e Julia Fernández Fernández (Exclusivas Fernández), debemos confirmar e confirmamos na súa integridade a resolución contra a que se recorre».

Notifíquelles esta resolución ás partes e á Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Modo de impugnación: fáiselles saber ás partes que contra esta sentenza cabe interpor recurso de casación para unificación de doutrina, que se deberá preparar mediante escrito presentado ante esta sala dentro do improrrogable prazo de dez días hábiles inmediatos seguintes á data de notificación da sentenza. Se o recorrente non tivese a condición de traballador ou beneficiario do réxime público da Seguridade Social deberá efectuar:

– O depósito de 600 euros na conta de 16 díxitos desta sala, aberta no Banco de Santander (Banesto) co número 1552 0000 37, seguida de catro díxitos correspondentes ao número do recurso e dous díxitos do ano deste.

– Así mesmo, se hai cantidade de condena deberá consignala na mesma conta, pero co código 80 en vez do 37 ou ben presentar aval bancario solidario en forma.

– Se o ingreso se fai mediante transferencia bancaria desde unha conta aberta en calquera entidade bancaria distinta, haberá que emitila á conta de vinte díxitos 0049 3569 92 0005001274 e facer constar no campo “Observacións ou concepto da transferencia” os 16 díxitos que corresponden ao procedemento (1552 0000 80 ou 37 \*\*\*\* ++).

Unha vez firme, expídase certificación para constancia na peza que se arquivará neste tribunal, incorporándose o orixinal ao correspondente libro de sentenzas, logo de devolución dos autos ao xulgado do social de procedencia.

Así, por esta a nosa sentenza, pronunciámolo, mandámolo e asinámolo.

E para que lle sirva de notificación en legal forma a Antonio Paz Fernández (Agro Páramo) e Julia Fernández Fernández (Exclusivas Fernández), expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advérteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

A Coruña, 11 de novembro de 2016

A letrada da Administración de xustiza

